

A ROMEIRÍA DOS ROMEDIOS



CARME ALVAREZ MIRANDA

↓ Iván Iglesias «Cazarón»

Cómo carayo empeza ún a escribir sobre el qu'igual é el xuntoiro más grande de toda a contornada, se a oyuada qu'ún bota é a que nun momento da vida se fai, a que ye deixa, da que s'acorda, ou da que ten noticia. Cómo contar, se cada ano, como todo na vida, vei cambiando, anque a xente nun lo faga. Asina que pretender ser palabra de Dios digo eu que debe ser úa fatada bñ grande. Porque, madeumas, se cambía a xente, el ano, el tempo, a organización y todo el que la dá en fer, nun quedará aquí outro remedio (nunca miyor dito) que contar dalgúa das cousas que quedan, que pouco tein xa que ver col que de romeiría ye quede al oito de setembro en Porcía.

Asina, pañamos os últimos tempos, porque un estudio al xeito de toda a tradición del oito de setembro nel Alameda de Porcía é pouco menos qu'imposible; quizabes, quén sabe, habería que falar dende alló a principios del s. XVII. Vamos, que nun hai gran cousa á qu'agarrarse en conto a eso. Así que vamos col hoi da romeiría dos Remedios. Ou sía. El Campo del Alameda. Conceyo del Franco. Oito de Setembro. Asturias.

Antes, outro apunte. Vamos falar aquí del que toca á parte pagana da mesma, se ben en íntima relación coa relixiosa, ou polo menos hasta nun hai moito, porque a tradición relixiosa ta completamente secularizada y paganizada prá maioría da xente que pousa nel Alameda ese día.

Ben se sabe qu'úa festa como esa nun ten lo que se poda dicir propietario, como nun lo ten ningúna festa. A festa é del que la faga, del que la sinta. Y neso tamén diremos qu'el qu'asiste é nembro de pleno dereto d'ella. Però ben é certo qu'hai un grupo de

xente —qu'hasta hai poucos anos foron sempre del Franco, llugar capitalín del conceyo hasta medios del s. XIX, hoi na parroquia de Valdepareas— que se dedicou a ser lo que se chama *el organización*. Nun podemos saber cómo. Sólo sabemos más ou menos os que la preparan hoi día, y inda nun é fácil contállos a todos. Muitos d'ellos xúntanse na xunta directiva del Asociación Cultural «Alameda», anque de ningún xeito son os únicos que colaboran pra fer os Remedios. Se nos paramos a contar, salen ben sei un grupo de cincuenta ou más que botan úa mao pra ter todo a punto.

El trabayo nun é pequeno, anque se conte con úa esperiencia de moitos anos. Hai que financiarse, claro, y eso é lo que más lleva, porque todo el ano se trabaya pra ello. Acaba un ano a festa y a organización nun para. A festa nun é llinde de nada; se acaso é curume d'algo. Xa se ta falando y fendo pral ano que vén antias de qu'ún acabase. Hai que fer úa montueira de xestióis que pasan por tramitar con un feixe de corpos y administracióis. Hai que vender lloiteiría

por xuyín y Navidá, pedir polas casas y negocios da zona, mirar que traigan as lluces, el xenerador, poñer as pontes, colocar lletreiros nel campo y alrededores, mirar qu'el campo tía presentable, contar con sanitarios, con axentes de tráfico, con postos de feriantes, con hosteleiros pra os bares, con váteres portátiles, con —tristemente por culpa d'us poucos elementos demasiao ceibes— axentes de seguridá delante del escenario, con grupos de gaiteiros pra os pasacayes, col cueteiro —pra que s'escuite el berro da pólvora que nun guarda secretos—, coas orquestas —tres vein pra todo el día oito y úa xa ta dende el víspora, que tamén hai festa, unde se topan a os más incondicionales y cercanos de todo el festexo—, hai que fer carteles —non muitos porque a fecha ta na concencia colectiva— y, al cabo, todo el telar que cualquier festa ten que ter en conta; igual un pouco más ésta polas dimensións que ten.

Condo lo pasaxeiro ta feito, pero xa chegou a fecha pra fer a festa, podemos dicir qu'a sorte ta botada, y todos a andar. Días antias xa se trata quén vei ir pra un sito ou outro el día en cuestión. Ús pral campo, outros poñer lletreiros indicadores y disuasorios, outros cos grupos de gaitas —ben forraos de cuetes pra nun parar de estoupallos en todo el día—, outros cobrar postos y bares —que tamén é un xeito de financiación pral festexo— y, al cabo, todos buscando tamén un cachín pra entregarse á festa, que muitas veces esa xente vese impedida de disfrutalla pol trabayo que dá.


As normas propostas pol organización son ben poucas y sin más mira que pral correcto curso d'ella: nun acampar, nun fer llume, nun meter coches nin ningún xeito de carros ou vehículos, nun cercar campo con cordas, nun tirar basura al río... y, despós, xa, as que se pensa qu'as facultades éticas y morales del individuo debe ter de por sí, pero esas, el demo las llexisla. Sabemos que pra muita xente que bota de menos a festa como era antias faise difícil, condo non imposible, tar con tranquilidá durante el día nel campo. Por eso a chamada é á Responsabilidá, muyer que nun temos el placer de conocer personalmente, pero barruntamos que de condo en vez aparece y as cousas van miyor. Vamos, que vese menos tolleiría y más ganas de disfrutar coa festa.

Asina, chegou el día, más ou menos as cousas pasan d'este xeito. Os servicios básicos que fain falta prá festa xa tán dende hai tempo. Hai quen xa ta dende ben cedo nel campo pra pañar sito, mentres xente da organización dá os últimos retoques. Ás dez salen de Ca Rego en Valdepareas as gaitas pra os pasacayes que van durar toda mañá, por cuatro rutas distintas. A sesión vermú —que nun sabemos por

qué se ye sigue chamando así— empeza dende qu'a misa y procesión teñan acabao, camín da úa y media da tarde, y esto, qu'è de lo más guapo, dura hasta as tres. Un momento en que el campo ta que reverque de xente, que vei chegando en grupos uniformaos ou non, más ou menos grandes. Grande é sobre todos el que vén andando dende A Caridá, que dá gusto vello entrar ordenao y festexeiro a un tempo, condo el orquesta ta sonando. Despós a música para hasta camín das cinco ou algo más, momento qu'a xente aprovecha pra xantar de prao y escuitar as gaitas que xa baxaron al Alameda y siguen tocando por ella. Asina, volta a arrancar hasta a madrugada, sobre as tres da mañá, condo as orquestas se despiden y a xente que queda vei pouco a pouco enveredando prá casa. Orquestas, bares, seguridá, xente y organización, ou sía, a festa sin eso qu'è lo que la fai festa, vaise tamén indo y deixa el Alameda sufrida —nun hai más que baxar el día despós pra ver cómo queda el prao— pañando forza, y herba, y árboles y augua pra respirar hasta el outro ano, hasta el sábado último d'agosto coa Noite Celta de Porcía.

Lo da chamada á responsabilidad é úa cousa que nun cansaremos de repetir nella, porque a súa falta pon en peligro a continuidá da romeiría dos Remedios, y d'eso nadie quer saber. É raro el ano que nun haxa que llamentar dalgún incidente, que nun son muchos tendó en conta lo qu'allí se xunta, pero que ben d'ellos poderían evitarse y asina prescindir por

exemplo dos axentes de seguridá, necesarios pra que cuatro pelagatos nun nos amolen a festa. Sabemos qu'entre camín de dez mil personas que se xuntan ese día nun haxa ningún incidente é ben difícil, pero eso nun xustifica de ningún xeito el gasto de cuartos y el esmolemento que trae el pensar que se ta nun zoológico. Dicimos os que tán dentro da xaula, claro, que digo son ben poucos, pero sempre abondos. A solución, más alló da disuasión que haxa por parte d'ús y d'otros, pasa pola concencia de cada ún, y ei hai que filar mui fino. Ése é el problema que pedimos qu'entre todos fagamos que nun lo seña. Porcía ten que tar por encima d'eso.

Pola nosa parte, más nada. Dar aquí fe d'úa sorte de Dionisiaca del siglo XXI nel noroccidente d'Asturias, da romeiría dos Remedios de Porcía. Dar fe dende un sito curtio y escoyido; dende úa pintura escrita particular que sale y se fixa en Entrambasaguas, como podera ser outra. Outra cualquiera da Hestoria de Porcía. Das hestorias que cos anos se xuntan por miles, y das anécdotas que se multiplican por millóis nel corpo y na mente de quen lleva os Remedios consigo undequera que tía. Salú y Porcía. 



A xente nel prao da festa